

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 30 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal cualificador da convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso, na condición de persoal fixo, na categoría estatutaria de enfermeira/o.

Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 4, do 5 de xaneiro de 2023), realizouse a convocatoria excepcional no proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso, entre outras, na categoría de enfermeiro/a.

Na base sétima da dita resolución dispónse que os tribunais cualificadores do concurso de méritos serán nomeados pola autoridade convocante, e para este efecto publicárase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro), establece que os procesos selectivos para a cobertura de prazas incluídas nas ofertas de emprego público aprobadas no marco dos procesos de estabilización de emprego temporal deberán finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto nesta regulación, e de conformidade coa base sétima da resolución de convocatoria, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

ACORDA:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo de estabilización, polo sistema de concurso de méritos, para o ingreso na categoría de enfermeira/o, convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 26 de decembro de 2022, e que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade, á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego



de Saúde (www.sergas.es) en canto sexan compatibles coa natureza do proceso, e sen prexuízo das peculiaridades que resulten da aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos desde o mesmo día da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Concurso de méritos

Enfermeira/o			
Presidenta titular	Del Oro Sáez, Begoña	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Secretaria titular	Ríos Carro, María José	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo xestión da función administrativa
Vogal titular	Baquero Sabajanes, María Begoña	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal titular	Iglesias Castro, Francisco Javier	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal titular	González Silva, Ana Isabel	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Presidente suplente	Argibay Cochón, Juan Carlos	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Secretario suplente	Morán Losada, José Francisco	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Pérez Vaya, Celestino	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro
Vogal suplente	Meizoso Ameneiro, Ana María	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeira
Vogal suplente	Rodríguez Pena, Antonio	Persoal estatutario diplomado sanitario	Enfermeiro